



Nome	DNI	Adxudicación definitiva
Armesto Rodríguez, Celia Mª	33310038-N	Preescolar na Casa. Coordinación pedagóxica-Lugo
Corveiras Otero, Marta	765773424-F	Sto. Anxo de Rábade-Rábade
Dans Sampedro, María Jesús	32427377-E	Nosa Sra. do Rosario-A Coruña
García Novo, Mª Luisa	76572519-E	Preescolar na Casa: concellos de Ares, Cabanas, Irixoa, Miño, Monfero, Mugardos, Pontedeume e Vilarmaior
García Vázquez, Jesús	33294332-S	Secretaría Xeral para o Deporte-Servizos Centrais
Gamil Mejuto, Mª Paz	35318715-F	ONCE-Pontevedra
González Quintana, Marta	36092708-G	ONCE-Vigo
Jato Rodríguez, Ana María	34260661-E	Preescolar na Casa: concellos de Carballedo, Ferreira de Pantón, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Sober e O Saviñao
Míguez Pardo, Silvia Beatriz	46897105-J	Preescolar na Casa: concellos de Arteixo, Carballo, Carral e A Laracha
Mosquera Escudero, Laura Mª	32833112-Z	Secretaría Xeral para o Deporte-Servizos Centrais
Pérez González, Manuel	34989476-J	Secretaría Xeral para o Deporte-Ourense
Reinaldo Barcia, Guillermo	36049249-S	Secretaría Xeral para o Deporte-Pontevedra

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 7 de xullo de 2010, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dun posto de supervisor/a de Unidade de Medicina Interna, planta 4ª, do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Nicolás Peña*

Convocada pola Resolución do 30 de outubro de 2009 (DOG nº 227, do 19 de novembro) a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dun posto de supervisor/a de Unidade de Medicina Interna, planta 4ª, do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Nicolás Peña, esta xerencia, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3 da orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño),

### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, do posto de supervisor/a de Unidade de Medicina Interna, planta 4ª, do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Nicolás Peña, convocados pola Resolución do 30 de outubro de 2009.

Segundo.-Nomear para o posto que se indica a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-A aspirante nomeada deberá cesar na praza que desempeñe, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles se son de distinta área de saúde.

Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, e os correspondentes haberes percibiranse de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Vigo, 7 de xullo de 2010.

Francisco Soriano Paredes  
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

### ANEXO

Denominación do posto: supervisor/a de Unidade de Medicina Interna, planta 4ª, do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Hospital Nicolás Peña.  
Nome e apelidos: Saladina Rodríguez Sánchez.  
DNI: 36075523-T.

*Resolución do 13 de xullo de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión do posto de supervisor/a da área funcional de servizos centrais e consultas externas deste complexo hospitalario.*

Convocada por Resolución do 26 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 70, do 15 de abril), a